

---

**NUMAX  
PRESENTA:**

---

**63 | MARZO 2023**



# Augas de marzo

«A auga que cae labra, abona e sementa moito máis que calquera intención humana. Pode afinarse que, ao sementarse a si mesma no seo dos chans, a choiva equivale e mesmo excede á convencional sementa de sementes. Pero é que, ao mesmo tempo, está a fertilizar os mesmos campos de cultivo. En primeiro lugar, porque leva no seu seo bastante nitróxeno — que é o pan das plantas—, pero non menos porque a humidade, é o principal estimulante dos múltiples procesos da fertilidade. Seguramente, de aí provén outro acerto do saber popular, aquel que afirma que «choven xornais». É dicir, que chove tamén o traballo para as campesiñas e campesiños.»

Fragmento de *Somos agua que piensa*, de Joaquín Araújo



**Somos agua que piensa**  
Joaquín Araújo  
CRÍTICA  
19,90 EUROS



**Agua**  
Giulio Boccaletti  
ÁTICO DE LOS LIBROS  
26,90 EUROS



**Podas e enxertos**  
Rosendo Luís Estévez  
CATRO VENTOS  
19,90 EUROS



**Diario rural. Apuntes de una naturalista. Primavera-Verano**  
Susan Fenimore Cooper  
PEPITAS DE CALABAZA  
22 EUROS




**Cosas verdes. Conoce y defiende la naturaleza**  
Jenny Jordahl e Ole Mathismoen  
ERRATA NATURAE  
24,50 EUROS



**España no es país para ríos: viaje por las aguas que una vez amamos**  
Ramón Soria Breña  
ALIANZA EDITORIAL  
19,95 EUROS



**Entre la luz y la tormenta. Como vivimos con otras especies**  
Esther Woolfson  
CARBRAME EDITORIAL  
25,90 EUROS



**Tríptico de la tierra**  
Mercé Ibarz  
ANAGRAMA  
19,90 EUROS



**Auga a través**  
Dores Tembrás  
APIARIO  
12 EUROS



**O Axolote e outros contos de bestas e auga**  
Lara Dopazo Ruibal  
GALAXIA  
14,90 EUROS



**VENRES 9 DE MARZO ÁS 20H30**

Presentación do libro *Aparte fácil* de **Ismael Ramos** (Xerais). Co autor acompañado de Berta Dávila e Fran Alonso.



**VENRES 10 DE MARZO ÁS 20H30**

Presentación do peomario *Ben sabe o mar que posúo o botín dos piratas* de **Luz Campello** (Galaxia) coa autora acompañada Fe Nuñez e Xose Antón Cascudo.



**MÉRCORES 15 DE MARZO ÁS 20H00**

Presentación de *Nos días encantados de agosto. Unha biografía de José Gil* de **Manolo González** (Galaxia). Co autor acompañado de Margarita Ledo Andión e Manuel Gago.

**15-21 de marzo | 2023**  
Museo do Pobo Galego | Numax | Teatro Principal


**MICE**  
18 MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO  
Museo do Pobo Galego  
Santiago de Compostela

Museo do Pobo Galego



Cinema

Filme  
do mes:



## **UNHA BONITA MAÑÁ**

**ESTREA 31 MAR**

**Mia Hansen-Løve, 112', VOSE, FR**

Con Léa Seydoux, Melvil Poupaud

Unha muller cunha filla de oito anos vive co seu pai, que padece unha doenza dexenerativa. Mentres loita por conseguir un fogar de anciáns decente, atopa un amigo co que inicia unha aventura... aínda que el se encontre noutra relación. Un relato emotivo sobre dependencias filiais e afectivas da directora d'*O porvir* e *Un amour de jeunesse*.

🏆 **Quincena dos Realizadores Cannes 2022**

## Estreas



### **SAINT OMER, O POBO CONTRA LAURENCE COLY** ESTREA 3 MAR

**Alice Diop, 122', VOSE, FR**

Con Kayije Kagame, Guslagie Malanda

Tribunal de Saint Omer. A novelista Rama asiste ao xuízo de Laurence Coly, unha moza acusada de matar a súa filla de 15 meses. A medida que avanza o xuízo, as palabras da acusada e as testemuñas farán cambalear as conviccións de Rama e porán en dúbida o seu propio xuízo.

🏆 **Gran Premio do Xurado e Opera  
Prima Venecia 2022 / Mellor  
Filme e Guión Sevilla 2022**

### **O SANGUE** ESTREA 3 MAR

**Pedro Costa, 99', VOSG, PT, +12**

Con Pedro Hestnes, Inês de Medeiros

É Nadal, noite de ano novo. Dous irmáns, de 18 anos e 10 anos, prometen gardar un segredo: esta vez, o seu pai marchou para sempre. Mentres tratan de manter a promesa, os irmáns sepáranse. Segredos, xuramentos e separacións: a noite da infancia.

🏆 **Pase especial Xixón 2022**

### **MARÍA CASARES: A MULLER QUE VIVIU MIL VIDAS**

ESTREA 10 MAR

**Xavier Villaverde, 102', VO, GAL, +7**

Documental que nos aproxima de maneira íntima e profunda á coruñesa María Casares, unha muller extraordinaria cunha vida marcada pola Guerra Civil e o exilio a Francia, onde se convertería nunha das actrices máis impresionantes e aclamadas do cinema e o teatro francés.

🏆 **Nomeada a Mellor Documental  
Mestre Mateo 2023**



**i** 12 MAR: Presentación e coloquio co director



## **A BELEZA E A DOR** ESTREA 10 MAR

**Laura Poitras, 113', VOSE, ING, +16**

Con Nan Goldin

A directora de *Citizenfour* segue a vida da artista Nan Goldin e o seu activismo contra a dinastía farmacéutica dos Sackler, responsables da maior epidemia de opioides da historia de Estados Unidos.

🏆 **Mellor Filme Venecia 2022**

Nomeada a Mellor Documental Oscar 2023

## **LOS REYES DEL MUNDO**

ESTREA 17 MAR

**Laura Mora Ortega, 103', VO, ESP**

Con Carlos Andrés Castañeda, Davison Florez

Unha historia sobre a desobediencia, a amizade e a dignidade que existe na resistencia. Rá, Culebro, Sere, Winny e Nano. Cinco rapaces da rúa de Medellín. Cinco reis sen reino, sen lei, sen familia, emprenden unha viaxe na procura da terra prometida.

🏆 **Cuncha de Ouro a Mellor Filme Donostia 2022**



## **MATRIA**

ESTREA 24 MAR

**Álvaro Gago, 99', VO, GAL**

Con María Vázquez, Santi Prego

Ramona é unha muller de corenta anos que vive sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible. Un día crúzase con Xosé, un home con quen constrúe unha inusual amizade que lle permite pensar que, tal vez, haxa algo novo polo que vivir.

🏆 **Panorama Berlinale 2023**



📄 Presentación e coloquio  
co equipo do filme

## **CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO** ESTREA 24 MAR

**Emmanuel Mouret, 100', VOSE, FR**

Con Sandrine Kiberlain, Vincent Macaigne

Unha nai solteira e un home casado convértense en amantes. Comprometéronse a verse só para unha aventura e a non ter ningunha esperanza de amor, conscientes de que a relación non ten futuro. Porén, sorpréndense máis e máis polo seu entendemento, a súa alquimia e o pracer por estaren xuntos.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2022**





## HUMAN FLOWERS OF FLESH

ESTREA 31 MAR

**Helena Wittmann, 106', VOSG, FR**

Con Angeliki Papoulia, Denis Lavant

Ida vive nun barco coa súa tripulación de cinco homes. En Marsella chámalle a atención o reservado mundo masculino da Lexión Estranxeira Francesa e decide seguir as súas pegadas polo Mediterráneo.

🏆 Sección Oficial Locarno 2022

📅 +20 MAR | Preestrea coa presenza da directora

## Foco Chantal Akerman



## JEANNE DIELMAN, 23, QUAI DU COMMERCE, 1080 BRUXELLES PASE ÚNICO 7 MAR

**Chantal Akerman, 193', VOSE, FR, 1975**

Con Delphine Seyrig, Henri Storck

Unha viúva cuida do seu fogar e do seu fillo adolescente, facendo o que sexa necesario para chegar a fin de mes. Un acontecemento cambia a súa vida para sempre.

🏆 Mellor Filme da Historia Sight&Sound 2022



## NEWSFROM HOME PASE ÚNICO 14 MAR

**Chantal Akerman, 85', VOSE, FR, 1976**

Imaxes fermosas da cidade de Nova York filmadas por Chantal Akerman mentres escoitamos as cartas escritas pola súa nai desde Europa. Unha magnífica meditación sobre a alienación urbana e a desconexión persoal e familiar.



## TOUTE UNE NUIT PASE ÚNICO 28 MAR

**Chantal Akerman, 87', VOSE, FR, 1982**

Con Angelo Abazoglou, Frank Aendenboom

Trazando un percorrido azaroso por unha vintena de romances, Chantal Akerman mergúllase na noite de Bruxelas para explorar a aceptación e o rexeitamento amoroso.

## Carta branca Helena Wittmann



**i** Presentación a cargo de Helena Wittmann

### **LA TEMPESTAIRE / THE GREAT SADNESS OF ZOHARA** PASE ÚNICO 21 MAR

Jean Epstein / Nina Menkes, 22' / 40', VOSG, 1947 / 1983

A directora de *Human Flowers of Flesh*, Helena Wittmann, escolle para acompañar a estrea do seu novo filme dúas pequenas xoias. *La tempestaire*, curtametraxe filmada na costa de Bretaña polo gran Jean Epstein, e *The Great Sadness of Zohara*, aventura mística de Nina Menkes (autora de *Brainwashed*).

## Petís NUMAX



### **KING, O MEU PEQUENO REI** PASES 4 E 5 MAR

David Moreau, 105', VE, ESP, +6  
Con Gérard Darmon, Lou Lambrecht

King, unha cría de león destinada a unha rede de tráfico de animais, logra escapar nun aeroporto de Francia. Perdido, buscará refuxio na casa de Inés, de 12 anos, e Álex, de 15. Cando o atopan, teñen a tola idea de levalo a África e devolvelo ao seu hábitat



### **A ILLA DAS AVES** PASES 25 E 26 MAR VV.AA., 55', VESE, ESP

Tres fermosas historias protagonizadas por nenas que senten o impulso de desafiar os seus medos ao descoñecido e aprender mergullándose en contornas naturais: unha illa chea de paxaros, un xardín comunitario e un bosque.

## Pases especiais

### **BENVIDO MR. BANKSY** PASE ÚNICO 11 MAR

Carlos A. Quirós, 86', VO, ESP/GAL  
Con Eduardo Hermida

**i** Presentación e coloquio co director

## Tempada de arte

### **TEMPADA DE ARTE.** **RAFAEL: AO DESCUBERTO**

PASES ÚNICOS 22-23 MAR

Phil Grabsky, 90', VOSE, ITA



# OS OLLOS VERDES

O CINEMA  
INÉDITO  
DE NUMAX

## **SUPER NATURAL**

**PASE ÚNICO 6 MAR**

**Jorge Jácome, 85', VOSP, PT**  
Con Alexis Fernandez, Bárbara Matos

Filmado en Madeira cun grupo de teatro de persoas con e sen discapacidades, este libérrimo filme é unha ollada lúdica ao que significa estar encarnado. Están os corpos algunha vez libres da súa contorna?

🏆 **Premio NUMAX Exhibición Intersección 2022**

📍 Coloquio en liña co director

## **LA VISITA Y UN JARDÍN SECRETO**

**PASE ÚNICO 20 MAR**

**Irene M. Borrego, 65', VO, ESP**  
Con Antonio López, Isabel Santaló

Pouco se sabe da misteriosa figura de Isabel Santaló, unha artista na vellez, hoxe olvidada. Pero, de vez en cando, algunhas visitas aparecen na súa casa. A través delas e da voz de Antonio López perfílase un filme poliédrico que sorpresivamente se transforma.

🏆 **Premio do Público a Mellor Documental Málaga 2022**

## **SHOOTING FOR MIRZA**

**PASE ÚNICO 13 MAR**

**Juan Gautier, 93', VOSE, BS**

Con Juan Antonio Corbalán, Lolo Saiz  
Mirza Delibašić reinou no baloncesto europeo dos anos 70 e primeiros dos 80. A súa clase e a súa elegancia convertérono nunha lenda. O estoupido da guerra de Bosnia situouno nunha encrucillada dramática.

🏆 **Mellor Filme Asturiano Xixón 2022**

## **LA REVOLUCIÓN BAILANDO**

**PASE ÚNICO 27 MAR**

**Julia Rebato / Eli Martín, 64', VO, ESP**

Percorremos a historia de Las Chillers, un grupo musical referente do underground madrileño e da defensa dos dereitos LGTBIQ+. Seis mulleres que lideraron unha revolución a golpe de música, amor libre e boa onda.

🏆 **Premio do Público LesGaiCineMad 2020**

📍 Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero




📍 Se estudas na USC e te inscribes no ciclo podes obter 1 crédito ECTS pola asistencia ás sesión. Máis información en [info@numax.org](mailto:info@numax.org)

---

# NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo  
Santiago de Compostela  
[www.numax.org](http://www.numax.org)

---

   Síguenos en @numaxcoop

---

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**  
GGGGGG **Gráfica**

---